

NORMATIVA ESPECÍFICA

- Con carácter xeral é imprescindible ser maior de idade ou no seu defecto, maior de 10 anos con autorización do pai, nai ou titoría legal e acompañados.
- Na programación deportiva municipal teñen preferencia as persoas empadroadas no Concello de Arteixo, existindo un número limitado de prazas para cada actividade, así como un número mínimo de prazas a cubrir para que a actividade se leve a cabo.
- O SMD resérvase o dereito de efectuar as modificacións nas ubicacións, horarios, profesorado, etc., que considere necesarias.
- No caso de que o SMD detecte falsidade nos datos o alumno causará baixa inmediata, sen dereito á devolución do importe abonado.
- As persoas que asinan a folia de inscrición fan constar que non padecen ningunha enfermidade que o incapacite para a práctica deportiva, tendo feito o oportuno recoñecemento médico.
- De acordo co establecido pola normativa vixente en materia de protección de datos, informámoslle de que o Responsable de Tratamento dos seus datos persoais é o CONCELLO DE ARTEIXO, con dirección PRAZA ALCALDE RAMON DOPICO, Nº 1-15142 ARTEIXO (A CORUÑA). FINALIDADE DO TRATAMENTO: Os datos serán utilizados para facerlle partícipe da actividade promocionada descrita na presente solicitude, así como a xestión administrativa derivada da mesma. O feito de que non nos facilite parte da información solicitada poderá supoñer a imposibilidade de prestarlle o servizo solicitado



PROGRAMA MUNICIPAL DE SENDEIRISMO 2023

Arteixo / Deportes



Deputación
DA CORUÑA

SENDEIRISMO

INSCRICIÓN E INFORMACIÓN

Tel. 981 659 131-132

deportes@arteixo.org

www.arteixos.org



PROCEDEMENTO INSCRICIÓN

- Ata o martes anterior ao inicio de cada ruta
- No Servizo Municipal de Deportes . Horario de 09:00-14:00 h. ou en deportes@arteixo.org

Prazo de inscrición e matrícula: ata o martes anterior ao inicio de cada ruta debendo entregar o xustificante de pagamento, exclusivamente no Servizo Municipal de Deportes. No caso contrario, procederase á anulación da praza.

O impreso de inscrición poderase recoller nas oficinas do Servizo Municipal de Deportes ou descargalo na páxina web municipal www.artaixo.org. Deberase entregar nas oficinas do Servizo Municipal de Deportes, en horario de atención ao público (de luns a venres de 9:00 a 14:00 horas). Do mesmo xeito poderase enviar á dirección deportes@arteixo.org.

Pódese efectuar o pago do prezo público nas entidades bancarias habituais ou a través do TPV virtual na páxina web municipal (<http://www.artaixo.org/servizos/pagos-online>).

PREZO PÚBLICO

Maiores de idade: 15 €/etapa.

Menores de idade: 10 €/etapa. (maior de 10 anos con autorización do pai, nai ou titoría legal e acompañados).

O prezo inclúe transporte, picnic e seguros

RUTAS

Ruta 1	Roteiro da Batalla de Brión PR6 (Ferrolterra - A Coruña).	50	12 Km	16 de abril
Ruta 2	Senda das Almiñas e do Foxo do Lobo (Caritel - Pontecaldelas - Pontevedra).	50	13 Km	23 de abril
Ruta 3	Ruta da Auga (Caldas de Reis - Pontevedra).	50	13 Km	30 de abril
Ruta 4	Ruta da Serra da Groba e Muiños de Baredo (Rocamar - Baiona - Pontevedra).	50	14 Km	14 de maio
Ruta 5	Seimeira de Vilagocende (A Fonsagrada - Lugo).	50	16 Km	21 de maio
Ruta 6	Fervenza do Raxedoiro PRG202 (Val do Dubra - A Coruña).	50	14 Km	24 de setembro
Ruta 7	Ruta dos Petroglifos de Teo (A Coruña)	50	12 Km	8 de outubro
Ruta 8	Cascada da Bugalleira e Pozas de Lourenzá (Bonaival - Pontevedra).	50	12 Km	22 de outubro